

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 3 CINTA 7



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0007_003_en_0_18_55_id645_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0007_003_en_0_18_55_id645.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a sétima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das enfermidades que afectaban aos mariñeiros pola dureza do traballo. Ao final da entrevista fala das rendas que tiña que pagar a xente polas terras e da pervivencia do foro.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 7 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, traballo, mariñeiro, enfermidade, roupa, reuma, zocos, tuberculose, médico, medicamento, caña, catarro, renda, foro, parroquia, fanega, Moaña, O Rosal

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 7

P: O traballo do mar por si e polo esforzo que se facía ¿Producíase enfermidades propias?

R: Non

P: ¿Non? O mar non producía así reuma.

R: Reuma, reuma...

P: Polas frias e por todo.

R: Polas frias.

[Nota do APOI: hai un pequeno corte e continúa a conversa]

P: Pois... Falábase das enfermidades propias que xenera o mar como eran a reuma.

R: Era reuma porque realmente no inverno non se andaba abrigado. Ibas coas zapatillas no inverno con neve por riba da neve coas zapatillas. Despois veu un pouco máis de... cando veu a cosecha de mexillóns (ou de Leixoes) (?)...

P: Sí.

R: Despois si, xa se empezaron a emplear botas. Botas de suela ¿Non?

P: Sí

R: Pero había moita, moita humedá.

P: ¿Non había botas de goma?

R: Non, non, non.

P: ¿E roupa de augas tampouco?

R: De aquela había zoques¹ (sic).

P: Zoques ¿De madeira?

R: De Porriño, chamábanlle zoques de Porriño. Eses zoques de Porriño que despois cando houbo unhas botinas chamábanlle botinas e rompían por baixo e aproveitábase o zoque para poñer a botina, o zoque de pau.

P: Sí.

R: O zoque de pau. Despois veu a combinación esa dos zoques de Porriño que rodeu toda a ría de Vigo e o zoque de pau todo e deitaba o pé máis quente, pero deixou (?)...moito e non era reuma (?) atacaba a tuberculosis.

P: A tuberculosis. Pero eso no é enfermidade propia do mar ¿Non?

R: Pero moitas veces viña conducido (?) do mar.

P: Sí.

R: Moitas veces, si. Porque coa friaxe collíase catarros e collíase de todo.

P: A reuma e a tuberculose ¿Cómo o notaban? ¿Qué síntomas? ¿Cómo lle empezaba a doer?

R: O peito.

P: O peito ¿Non?

R: Hasta que terminaba por expulsar.

P: Sí.

R: Pus.

P: E facíase algo, algún remedio caseiro.

R: Non había case remedios caseiros.

P: Ou íban ó médico mais ben.

R: Iban ó médico pero non había medicamento. Todo iso desapareceu coa penicilina, a penicilina matou todo ese bicho.

P: Porque antes o que lle tocaba...

R: Pasaba inmediatamente, arrasaba a unha persoa con outra. A casa que chegara a ter esa enfermidade case morría todas as casas.

P: Contaxiaban uns a outros.

¹ En diante zoques = zocos



R: Contaxiaban porque ademais había unha comida sola para comer.

P: E outras enfermidades, así dolores de espalda e de riñóns iso...

R: Iso había pero....

P: Iso moito o cargar o peixe para as fábricas e para todo iso a larga resentíase ¿Non?

R: Iso decían é reuma, é reuma.

P: É reuma.

R: Achacábanlle a reuma, todas culpas as levaba a reuma.

P: E dabanlle, daban algo ou tomaban algo.

R: Nada, o que tomaba

P: Pa reumas ou pa...

R: ¿Sabes o que tomaba? A botella de caña que traían do abuelo (ri).

P: Iso curaba todo, ese empezaba a quentar o corpo ¿Non? E coa caña... (risas).

R: Tomaban unha fecha de caña e cando lle decían calquer (?) ... dicían que “era a mellor medicina” (risas).

P: Era a mellor medicina que tiñan. E o mar notábase nos mariñeiros. Normalmente...

Producen... O sol, producen o envellecemento máis na xente do mar que en terra ¿Non?

R: É que, a auga salada.

P: Curte máis.

R: Polo sol collíase sol cando viña moito sol, collías auga salada e collías todo. Collías o que veña.

P: Si.

R: Pois na piel, salía o sol... por unha parte por unha perna por un brazo, salía de todo. Todo iso ignorábase. Non había médicos, e había farmacias.

P: A veces había moito sol ¿Chegaban a coller insolacións, dolores de cabeza e todo?

R: Todo. Traballábase de sol a sol e chegaba a coller.

P: E de vez en cando dáballe así algún mareo...

R: Iso era a cada paso.

P: A cada paso ¿non? Polo calor.

R: A cada paso. Moitas veces achacáballe a debilidade. Dalle un mareo no (?) a bordo (?) e “ten debilidade”, tes debilidade non comemos e tal e tumba (?). Non hai forzas.

P: ¿E cando se mareaba dábanlle algo?

R: Nada.

P: Nada, recuperábase él solo.

R: Si. Provocaba, provocaba e despois tiña o barril da auga dos rapaces. Dicíalles “rapaz trae acá o barril da auga” que tiñan un barril con auga ¿Non?

P: Si.

R: Bebía unha fecha de auga, lavaba a boca e tragaba un pouco para disolver o tema.

P: Si.

R: E esa era a medicina que tomaba.

P: E era a única medicina que tomaba, auga fresca. E catarros e resfriados eso estaban a orden do día.

R: Todos.

P: Eses sempre cada dous por tres ¿Non? ¿E non se curaban non se íban pa cama cos catarros? ¿Ei?

R: Non.

P: Non se tomaban bebidas quentes. Pos catarros botábase, o mellor, un huevo no leite, o mellor pa curalos.

R: Os huevos comíanse moitas veces, moitas veces comíannos crudos.

P: Si.

R: (?) pa outra tomábanos crudos.

P: ¿Crudos? ¿A bordo? ¿Ou non levaban para usar?



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: A bordo.

P: Porque eles levaban xa comida pa...

R: Non. comida xa levaban o que podía, levaban un cachiño de... comida. Moitas veces ten levado a comida así que levaba, traían unha comida para a bordo. Despois foise mellorando en todo ¿Non?

Aquelas embarcacións, máis que nada, os homes viñan a ganar unha peseta para pagar as contribucións. Coas contribucións., salían do mar todas, e iban a ganar pa pagalas. Morreu un... e si vendían o artigo que collían da terra, pasaban fame.

P: As contribucións porque aquelas casas... os terrenos eran arrendados, non eran propios.

R: Moitos eran arrendados.

P: Inda existía o subforo ou o foro.

R: O foro, si. O foro, si.

P: Que era o que pagaban.

R: Que estaban aforados ó señor, á santa parroquia ¿Non? O cura monseñor pagábamolle renda todo o ano, se collera ou non collera. Hai outros que estaban aforados co mesmo mercancía.

P: Si.

R: Dáballe ó dueño do terreno sete fanegas, ou fanegas o fanegado.

P: O fanegas. Si.

R: E outro tempo.

P: ¿E os foreiros máis grandes que había en Moaña de onde eran, onde estaban?

R: (inaudible)

P: ¿Quen os do Rosal?

R: Eran os do Rosal e todos eses. Pois e... por aquí viven moitos.

P: ¿No Real tamén?

R: No Real non. En Tirán

P: En Tirán.

R: En Tirán.

P: En Tirán.

R: Si en Tirán. Despois aí na feira tamén había outro, no Casal tamén había outro. Iso foi perdendo todo, pero agora quedou o arriendo ¿Non?